

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 22 de xaneiro de 2013

Hora: 12:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

M^a Carmen Palacios

Francisco Omil Prieto

Luis Campos

Pablo García Tahoces

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Fernández Pena

Juan M. Garrido Fernández

Jesús Rodríguez Presedo

Ramón Méndez Pampín

Ausencias xustificadas:

Alberto Bugarín Diz

Puntos a tratar:

1. Aprobación das actas das últimas reunións.
2. Plan Estratéxico da ETSE: 2013-2016.
3. Cuestionario de inserción laboral.
4. Visualización da información na web.
5. Borrador de normativa de Traballo de Fin de Grao/Traballo de Fin de Máster.
6. Turno aberto.

1. Aprobación de actas.

Apróbanse as actas das reunións de 17 de decembro e 30 de novembro de 2012.

2. Plan Estratéxico da ETSE: 2013-2016.

O director indica que o anterior plan estratéxico (2009-2012) xa rematou, e agora debemos plantexar cales son os obxectivos para os próximos anos. A Comisión de Calidade debe traballar na elaboración deste novo plan estratéxico, para o que propón tres etapas. A primeira, definir a política de calidade do centro, para a que propón que se manteñan os puntos xa establecidos no anterior plan (Misión, Visión e Valores da ETSE). O segundo paso é a definición dos eixos estratéxicos do plan, o que se debería facer nun prazo dun mes ou mes e medio. En breve enviarase aos membros da comisión información sobre os eixos do antigo plan, para a achega de novas propostas. O terceiro paso, unha vez establecidos os eixos, é a definición dos obxectivos estratéxicos. Nese momento enviaranse os obxectivos anteriores para a súa revisión e achega de ideas, e o establecemento dun documento inicial para discutir nunha reunión da

Comisión (prazo de dous a tres meses). A data estimada para a aprobación do novo plan estratéxico e a de fin de curso (xuño de 2013).

3. Cuestionario de inserción laboral.

As enquisas sobre a docencia aportan información relevante e interesante, pero tan ou máis importante é saber como lles vai aos estudantes unha vez saen ao mercado laboral. Para recabar esta información, con motivo dos 10 anos da ETSE enviáuselles aos egresados de Enxeñaría Informática e Enxeñaría Química unha enquisa por correo electrónico. No máster de Enxeñaría Ambiental pasouse unha enquisa similar a inicio deste curso. No máster de Computación de Altas Prestacións fan unha enquisa global (nas dúas últimas edicións) pero teñen problemas porque faltan datos de contacto dos alumnos. Na ETSE se están a recoller as direccións de correo electrónico cando os alumnos entregan os Traballos de Fin de Grao.

O director propón que se elabore un modelo común de cuestionario para todas as titulacións do centro, ou ben dous diferenciados (grao/máster) e se estableza unha periodicidade para o envío do mesmo. Como plan de traballo, propónse o envío dun modelo de cuestionario para revisar entre todos os membros da comisión.

4. Visualización da información na web.

Na avaliación recibida respecto aos informes das titulacións enviadas á ACSUG se incide na falta de visibilidade do Plan de Garantía Interna da Calidade e doutra información na web do centro. Para dar visibilidade ao traballo de mellora que se está a levar a cabo no centro, o director propón colgar na web as memorias das titulacións nas súas páxinas respectivas, así como na páxina de Calidade. Ademais, cando se elaboraron os informes, houbo que cubrir un anexo (por informe) no que se establecía un plan de mellora con accións para o curso actual (recollido nunhas táboas). Estes anexos colgaranse na páxina de Calidade. Para o ano que ven, revisarase o cumprimento destas accións de mellora e proporanse as que corresponda, publicándoas así mesmo na web.

5. Borrador de normativa de Traballo de Fin de Grao/Traballo de Fin de Máster

O director propón que se discuta o borrador de normativa xa traballado no Colexio de Decanos e Directores, ata chegar ao documento que se achegou coa convocatoria. A discusión faise artigo por artigo.

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

O problema está no establecemento de quen ten que aprobar as normas. Pode haber problemas cos másteres interuniversitarios (como o de Computación de Altas Prestacións) cando as universidades teñen diferentes normativas.

Artigo 2. Natureza do traballo fin de grao e fin de máster.

Non hai comentarios.

Artigo 3. Órganos dos centros encargados da xestión dos Traballos

No borrador propónse unha única comisión por centro, na que participen os coordinadores das titulacións. Suxírese que se pida unha comisión por titulación.

Artigo 4. Matrícula e convocatorias

Juan Garrido pregunta sobre que sucede co tema das 2 oportunidades. Un alumno pode presentarse en febreiro e xuño, ou en febreiro e setembro, ou en xuño e setembro. Hai que

establecer tres convocatorias: unha en xaneiro/febreiro, outra en xuño/xullo e outra en setembro. Deste xeito os alumnos terán 3 opcións, pero só poden utilizar 2.

Os centros deben fixar as datas en función do calendario académico. Haberá que consultar se o deixarán aberto ata o 30 de setembro.

Sobre a cualificación de Non presentado: como ocorre coas outras materias, esta cualificación fai que corra a convocatoria.

Artigo 5. Do titor/a docente, da súa asignación e da elección do tema do traballo

Non queda claro se é o mesmo titor que director. Por exemplo, na universidade da Coruña son figuras distintas. Aquí non se fala de directores, senón unicamente de titores. Cada titulación podería establecer requisitos para os titores “ampliando” ou restrinxindo o que di a normativa. Non ten moito sentido que se permita ampliar a norma.

No apartado 5.2, propónse a eliminación da última frase (“En todo caso a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC.). A defensa debe poder facerse na universidade de destino no caso da mobilidade.

O parágrafo seguinte a este punto 5.2 debe moverse ao punto 5.1. Propónse cambiar “O titor” por “O titor ou titores”). Propónse suprimir a parte relativa ao persoal contratado con cargo ao capítulo VI, e a necesidade de comunicar á Vicerreitoría o nomeamento de cotitores. A capacidade de ser ou non cotitor debería vir dada pola titulación do interesado e non polo posto de traballo. Acórdase en todo caso pedir a supresión da figura de cotitor e falar unicamente de titor ou titores. En xeral, coméntase que o borrador céntrase en establecer quen non pode ser titor en lugar de centrarse en quen podería ser.

No apartado 5.3, propónse que se poña en maiúscula a última ocorrencia de “traballo” para evitar malinterpretacións.

Artigo 6. Tribunal de avaliación

No apartado 6.2 propónse eliminar a prohibición de que o titor forme parte do tribunal, e que sexa o centro quen decida neste senso. A non participación dos titores pode restrinxir moito o abanico de elección de membros do tribunal en titulacións con poucos profesores e moitos alumnos.

Artigo 7. Modalidades de TFG e TFM

Non hai comentarios.

Artigo 8. Presentación e defensa dos traballos de fin de grao e máster

No apartado 8.1 propónse cambiar a conxunción por disxunción na entrega dos traballos (papel ou formato electrónico). No apartado 8.2, propónse eliminar “electrónica” na copia que se envía aos membros do tribunal (nalgúns casos, pode ser necesario ter a memoria en papel). No apartado 8.4 propónse suprimir as liñas que fan referencia ao dereito a facer o traballo en castelán ou galego. No apartado 8.6 débese suprimir a parte relativa ao intercambio (o traballo realizado fora debe poder ser avaliado fora), non así a parte relativa á realización do traballo durante prácticas en empresa, que si debe ser avaliado no centro.

Artigo 9. Avaliación, cualificación e revisión

No apartado 9.5, propónse que o formato electrónico quede depositado en repositorios da biblioteca do centro.

Artigo 10. Xestión das actas

Propónse pedir que o periodo de actas sexa posterior ao periodo ordinario oficial, pois a nota dos traballos deberá ser a última en imputarse. No apartado 10.3, no caso de actas con

profesores externos como membros do tribunal, debería quedar claro que o coordinador da titulación debe asinar en lugar destes profesores unicamente.

Artigo 11. Dereitos do alumnado

Na última frase debe substituírse “o alumnado asinará...” por “o alumnado deberá asinar...”.

6. Turno aberto

Juan Garrido pregunta como xestionar as listas de asistentes ás reunións de coordinación de curso, especialmente no caso de que varios profesores compartan materias. Chegaría que un fose en nome dos outros? Dado que a asistencia ás reunións utilízase unicamente na emisión de certificados individualizados para os profesores, a asistencia será tamén individual. Polo tanto, só figurará como asistente que asine na folla de sinaturas correspondente. E é totalmente voluntario asinar (se alguén non quere, non ten que facelo). Nestas reunións tampouco é preciso xustificar a ausencia.

En todo tipo de reunións de traballo, é conveniente facer listas de asistentes con obxecto de que dita asistencia se poda xustificar a posteriori. A información a enviar á secretaría da ETSE nestas reunións (de traballo, de curso, etc.) será un resumo dos acordos se os houbo, e un listado de asistentes.

No caso de reunións de órganos colexiados si que se enviará a convocatoria cos puntos a tratar, a acta, o listado de asistentes e a relación de ausencias xustificadas.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 14:30 h.